CUARTO DA ESO: FACILE 4

Os libros de lectura con CD para tódolos cursos estarán na biblioteca e serán de préstamo.

- A didáctica do departamento busca a **aprendizaxe significativa do alumn@**, os contidos relacionados cos seus centros de interese para que os interioricen mellor.
- O ensino -aprendizaxe estará centrado no alumno e responderá as súas necesidades, tendo sempre en conta os contidos mínimos presentados nesta programación. O valor do erro esencial como punto de partida para adquirir novos coñecementos como indicador de capacidade do alumno
- Ofreceráselles ocasións para **que reflexionen sobre a lingua e o seu sistema e sobre as estratexias** que utilizan para a aprendizaxe. Ensinaráselles diferentes estratexias como mapas conceptuais, límites do tradutor de Google, estratexias para a produción oral, escrita, comprensión oral, escrita...
- Como persoa plurilingüe animarase o alumno para que sexa **autónomo** no aprendizaxe das linguas e inculcaráselle a necesidade de **auto -aprendizaxe das linguas**. Para elo creouse o blogue con información adicional para que poidan andar na procura de documentos diferentes ohlalafle.blogspot.com/
- O alumno debe participar na descuberta de novos conceptos, procedementos e actitudes. Para elo realizará **proxectos** encamiñados a investigar sobre novos aspectos situados no seu contexto e que

teñan algo que ver cos seus centros de interese. O método do proxecto de traballo estar presente en tódolos cursos polo menos nunha ocasión. (Presentar unha cidade -4º ESO, un país francófono non europeo- 1ºBAC, un persoeiro francés -3º,2º) ou a si mesmos (1º /2º ESO) . Elaborarán táboas comparativas dos seus hábitos diarios, realización de tarefas domésticas...

- Utilizarase o canón, actividades deseñadas polo profesor , exercicios en liña, tráiler para comprensión oral, publicidade, en suma, toda clase de recursos en internet.
- **GRUPOS** : Coidarase a interacción **alumno - alumno, alumno profesor. Intentarase que a dinámica da clase sexa invertida** :_o alumno busca os conceptos e prepara o traballo, sempre que sexa posible. Introduciranse dinámicas de **traballo colaborativo para algunha sesión coa lectora e nas clases grandes.**
- **REFORZO: Actividades continuas de reemprego** de gramática e de **reflexión sobre os erros.** Os alumnos que suspendan unha avaliación terán actividades de reforzo durante a seguinte avaliación. Considérase reforzo a sesións titorizadas de corrección e explicación, exercicios de reemprego para a toda a clase, repetición das actividades, tarefas ou probas obxectivas, aumento do tempo preestablecido para actividades para algúns alumnos...
- Nas seccións bilingües contaremos tanto para a clase de francés como para a CLIL coa asistente de linguas francesa que este ano está especializada en historia. Nas clases fai exposicións da súa rexión e preséntanos aspectos culturais do seu país. A metodoloxía nas clases coa lectora pretende centrarse nas destrezas de comprensión oral e produción oral potenciando a interacción con ela.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

ESO:	Material EDIXGAL <i>Facile 2</i> <i>Facile 3</i> <i>Facile 4</i> Material de preparación ao DELF escolar A1 e A2 / (sección bilingüe B1)
Bacharelato:	Diverso material do nivel B1/B2 do MCERL Fontes de noticias de internet Material de preparación aos exames do DELF escolar B1 Blogues de Francés do les e outros blogues ohlalafle.blogspot.com/ Aula virtual de ser o caso

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1. A avaliación da segunda lingua estranxeira será ante todo **continua e global**: o alumno terá que traballar día a día ó longo do curso e na avaliación final terase en conta o resultado global.
 1. Levarase a cabo unha **avaliación inicial**.
 2. A avaliación será procesual: O profesor terá **varias notas** por avaliación procedentes de instrumentos variados, que teñan en conta as diferentes intelixencias dos alumnos. Entre estes destacarán as seguintes:
 - 1) Observacións:
 - Rexistradas polo profesor na súa libreta sobre o caderno, actitude ante a lingua, perseverancia, resolución de problemas, uso adecuado da lingua estranxeira na aula.
 - 2) Análises de producións dos alumnos:
 - Textos escritos.
 - Producción orais
 - Portfolio (traballos varios)
 - 3) Probas específicas :
 - Obxectivas (puntuais de nivel de adquisición de estruturas gramaticais e vocabulario)
 - Comprensión oral e de comprensión escrita
- O feito de copiar nun exame poderá ser motivo de repetición dun exame diferente ao día seguinte.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN Avaliación final			PROCEDIMENTOS INSTRUMENTOS
BLOQUES	<p>COMPRESIÓN ORAL</p> <p>PRODUCCIÓN ORAL</p>	30%	<ul style="list-style-type: none"> • Proba obxectiva de comprensión oral • Análise das producións dos alumnos: producións orais dos alumnos (intercambios orais, entrevista, xogos de rol, grabacións, exposicións)
	<p>COMPRESIÓN ESCRITA</p> <p>PRODUCCIÓN ESCRITA</p> <p>COÑECEMENTO DA LINGUA</p>	50%	<ul style="list-style-type: none"> • Proba obxectiva de comprensión escrita • Análise das producións escritas dos alumnos (borradores, notas, redaccións con rúbrica, formularios) • Proba obxectiva de Gramática
	<p>TODOS OS BLOQUES</p> <p>CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE</p>	20%	<ul style="list-style-type: none"> • DIARIO DE CLASE que inclúe observación e notas de: <ul style="list-style-type: none"> - PORTFOLIO DO ALUMNO: proxectos, libro de lectura, traballos persoais - Libreta: resolución de problemas - Uso adecuado da lingua na aula - Perseverancia, esforzo, actitude ante a lingua

EXEMPLOS DE RÚBRICAS

NOME DO ALUMNO :

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN ORAL francés(2LE) 1º ESO XUÑO				
	EXPRESIÓN ORAL	VOCABULARIO	ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS	INTERACCIÓN
Excelente (4)	Exprésase con <u>Fluidez e espontaneidade</u>	Utiliza <u>de modo axeitado todo</u> o vocabulario que corresponde ao nivel A1	Demostra <u>coñecemento das distintas estruturas gramaticais.</u>	<u>A participación con respecto á súa parella é equilibrada e preocúpase por dinamizar a conversa</u>
Notable (3)	Exprésase adecuadamente en francés sobre o tema indicado con <u>certo grado de fluidez e espontaneidade</u>	Utiliza <u>efectivamente un vocabulario variado</u>	Demostra <u>coñecemento das distintas estruturas gramaticais aínda que comete algún erro</u>	A participación con respecto á súa parella <u>é equilibrada</u>
Aceptable (2)	Exprésase correctamente en francés sobre o tema indicado <u>con algunha fluidez e espontán.</u>	Utiliza un <u>vocabulario Adecuado e variado aínda que con erros</u>	Demostra <u>coñecemento das distintas estruturas aínda que comete bastantes erros</u>	A participación <u>non é equilibrada</u> con respecto á súa parella
Deficiente (1)	Exprésase <u>con dificultade</u> en francés sobre o tema indicado.	Utiliza vocabulario de <u>forma limitada</u>	Utiliza <u>estruturas gramaticais limitadas</u>	A participación centrase nunha soa persoa
Insuficiente (0)	Non hai evidencia de comprensión da tarefa asignada. <u>O uso do francés é moi limitado . Non expresa estruturas coherentes ou comprensibles</u>	<u>Non utiliza o vocabulario axeitado e semella descoñecelo</u> na súa maioría ou utilízao non adecuadamente	<u>Descoñece as estruturas gramaticais adecuadas</u>	Non participa cando se require e se o fai non se entende
ANOTACIÓNS				
Referencial 1º ESO: presentarse(nome, idade, instituto, curso, cidade); gustos e preferencias, deportes que practica, cantas veces por semana, irmáns descrições, a súa casa,a roupa, o futuro proximo				

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN ORAL-EXPOSICIÓN FRANCÉS B1 MCERL	UNE VILLE/ UN PAYS : /20			
EXPRESIÓN ORAL	PRONUNCIACIÓN	VOCABULARIO	ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS	COHERENCIA E COHESIÓN DE IDEAS
Exprésase con Fluidez e espontaneidade e acompaña con xestos adecuados (4)	Fala claramente cunha boa dicción e entendese perfectamente (4)	Utiliza de modo axeitado todo o vocabulario que corresponde ao nivel B1 (4)	Demuestra coñecemento das distintas estruturas gramaticais sintácticas. (4)	Utiliza os conectores adecuados e a mensaxe é coherente (4)
Exprésase adecuadamente en francés sobre o tema indicado con certo grado de fluidez e espontaneidade (3)	Fala claramente case sempre e enténdese salvo algunha pequena excepción (3)	Utiliza efectivamente un vocabulario variado (3)	Demuestra coñecemento das distintas estruturas gramaticais aínda que comete algún erro (3)	Utiliza conectores e a mensaxe é coherente aínda que con erros (3)
Exprésase correctamente en francés sobre o tema indicado con algunha fluidez e os xestos a veces dubitativos (2)	Unha fonética comprensible aínda que non sempre clara (2)	Utiliza un vocabulario Adecuado aínda que non demasiado variado aínda que con erros (2)	Demuestra coñecemento das distintas estruturas aínda que comete bastantes erros (2)	Utiliza algún conector a mensaxe ten algunha parte inconexa(2)
Exprésase con dificultade en francés sobre o tema indicado. (1)	A súa fonética e entoación resulta difícil de comprender (1)	Utiliza vocabulario de forma limitada (1)	Utiliza estruturas gramaticais limitadas (1)	Non estrutura claramente a mensaxe, utiliza poucos conectores(1)
Non hai evidencia de comprensión da tarefa asignada. O uso do francés é moi limitado . Non acompaña dunha xestual adecuada(0)	A mensaxe é confusa e a súa entoación non corresponde ao contexto (0)	Non utiliza o vocabulario axeitado e semella descoñecelo na súa maioría ou utilízao non adecuadamente (0)	Descoñece as estruturas gramaticais adecuadas (0)	A mensaxe non ten cohesión, nin é coherente (0)

- TÍTULO DA PRODUCCIÓN ESCRITA: LETTRE À MON CORRESPONDANT / 1º ESO

	EXPRESIÓN ESCRITA. CAPACIDAD A INFORMAR O A DESCRIBIR. Saúda e despídese adecuadamente	VOCABULARIO EXTENSIÓN E DOMINIO	VOCABULARIO CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA	ESTRUTURAS MORFOLÓXICAS	ESTRUTURAS SINTÁCTICAS
AVANZAD O EXCEL (4)	Exprésase con Fluidez e é moi comprensible	Utiliza de modo axeitado e con corrección ortográfica todo o vocabulario que corresponde ao nivel A1	Utiliza con corrección ortográfica todo o vocabulario que corresponde ao nivel A1	Demostra coñecemento das distintas estruturas morfolóxicas	Utilización adecuada dos tempos verbais e estruturas sinta
INTERMEDI O NOTABLE(3)	Exprésase adecuadamente en francés sobre o tema indicado con certo grado de fluidez . Bastante comprensible	Utiliza efectivamente un vocabulario variado con algún erro	Con algún erro que non incide na comprensión	Demostra coñecemento das distintas estruturas gramaticais aínda que comete algún erro	Utilización adecuada aínda que comete algún erro
MEDIO (2) ACEPTABLE	Exprésase correctamente en francés sobre o tema indicado con algunha fluidez . Certas partes son difíciles de comprender e esixen un esforzo bastante grande por parte do receptor.	Utiliza un vocabulario Adecuado e variado aínda que con erros, bastantes erros evidencia certo coñecementos	Con bastantes erros de ortografía aínda que evidencia certo coñecemento do vocabulario que incide algo na comprensión	Demostra coñecemento das distintas estruturas aínda que comete bastantes erros	Comete bastantes erros aínda que evidencia certo coñecemento de base
BÁSICO (1) DEFICIENTE (Exprésase con dificultade en francés sobre o tema indicado. Hai parágrafos que non se entenden.	Utiliza vocabulario de forma limitada, comete moitos erros que non corresponden ao seu nivel	Comete moitos erros de ortografía que inciden na comprensión	Utiliza estruturas gramaticais limitadas	Comete erros importantes que inciden na comprensión do texto. Non evidencia un coñecemento
INICIO INSUFICIENTE (0)	Non hai evidencia de comprensión da tarefa asignada. O uso do francés é moi limitado .	Non utiliza o vocabulario axeitado e semella descoñecelo na súa maioría ou utilízao non adecuadamente e escribe foneticamente	Escribe foneticamente sen ningunha corrección ortográfica	Descoñece as estruturas gramaticais adecuadas	Descoñece por completo. Non flexiona os verbos usando infinitivos ou palabras incomprensibles

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN ESCRITA FRANCÉS 2LE

4º eso/1º Bac

alumno de B1 MCERL

	EXPRESIÓN ESCRITA. CAPACIDAD A INFORMAR O A DESCRIBIR.	VOCABULARIO corrección e extensión	ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS	ELECCION DOS TEMPOS VERBAIS	COHERENCIA E COHESIÓN
AVANZADO EXCEL (4)	Exprésase con Fluidez e é moi comprensible	Utiliza de modo axeitado e con corrección ortográfica todo o vocabulario que corresponde ao nivel A2.1	Demostra coñecemento das distintas estruturas morfolóxicas e sintácticas	Utilización adecuada dos tempos verbais. Demostra coñecemento	Uso adecuado dos conectores. Estrutura as ideas. Boa puntuación
INTERMEDIO NOTABLE(3)	Exprésase adecuadamente en francés sobre o tema indicado con certo grado de fluidez . Bastante comprensible	Utiliza efectivamente un vocabulario variado con algún erro	Demostra coñecemento das distintas estruturas gramaticais aínda que comete algún erro	Utilización adecuada aínda que comete algún erro	Usa conectores . Estrutura as ideas pero con erros non moi graves. Puntúa con algún erro
MEDIO (2) ACCEPTABLE	Exprésase correctamente en francés sobre o tema indicado con algunha fluidez . Certas partes son difíciles de comprender e esixen un esforzo bastante grande por parte do receptor.	Utiliza un vocabulario Adecuado e variado aínda que con erros, bastantes erros evidencia certo coñecementos	Demostra coñecemento das distintas estruturas aínda que comete bastantes erros	Comete bastantes erros aínda que evidencia certo coñecemento de base	Utiliza algún corrector, algún error importante, algunha parte inconexa . Puntúa con vacilacións
BÁSICO (1) DEFICIENTE (Exprésase con dificultade en francés sobre o tema indicado. Hai parágrafos que non se entenden.	Utiliza vocabulario de forma limitada, comete moitos erros que non corresponden ao seu nivel	Utiliza estruturas gramaticais limitadas	Comete erros importantes que inciden na comprensión do texto. Non evidencia un coñecemento	Non estrutura claramente a mensaxe. Utiliza poucos conectores. Puntuación non adecuada
INICIO INSUFICIENTE (0)	Non hai evidencia de comprensión da tarefa asignada. O uso do francés é moi limitado .	Non utiliza o vocabulario axeitado e semella descoñecelo na súa maioría ou utilízao non adecuadamente e escribe foneticamente	Descoñece as estruturas gramaticais adecuadas	Descoñece por completo. Non flexiona os verbos usando infinitivos ou palabras incomprensibles	A mensaxe non ten cohesión , nin é coherente . Signos de puntuación non adecuados

Referencial

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Nas actas do Departamento en primeira instancia e na Memoria do Departamento en segunda instancia, figurarán todas as reflexións e as medidas adoptadas anualmente con relación a consecución dos logros.

Os indicadores de logro serán:

1. O nivel de seguimento da programación, análise deste, dinamización continua da programación.
2. Os resultados da avaliación. Análise dos resultados, causas, medidas a adoptar e reforzos. Seguimento dos reforzos.
3. Auto- avaliación dos alumnos sobre a súa percepción persoal da consecución dos criterios mínimos por curso.
4. As valoracións dos alumnos e do profesor e estimacións persoais sobre a marcha do curso e as actividades mais produtivas para a súa aprendizaxe.
5. Observación das competencias que menos dominan os alumnos.
6. O nivel de competencia comunicativa dos alumnos á hora de enfrontarse a unha situación real*. **(coa lectora por exemplo, ou á hora de acoller a alumnado francés)**
7. *Test de indicador de competencia: Exames tipo do DELF *junior A2,B1 ou da Escola Oficial de idiomas*
8. Os niveis de indicadores de logros serán 4 : adquirido, non adquirido, medianamente adquirido e moi ben adquirido.

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DOS ALUMNOS PENDENTES

No caso de alumnos que teñan o Francés segunda lingua ou primeira lingua pendente do ano anterior existen estas variables:

1. **Os que non seguen co estudo do Francés:** o Departamento proporalle a realización de diferentes exercicios de reflexión sobre a lingua e diferentes tarefas de acordo co nivel que serán puntuadas. Se non as superan, terán dereito a unha proba final cando o centro o determine.
 2. **Os que seguen co estudo do Francés:** *(incluídos os de Segunda Lingua que pasan a Primeira lingua estranxeira)* O profesor do grupo no que se atopa faralles este seguimento en cada avaliación e comprobará se superan os mínimos esixibles. De ser así, daráselle por superado o nivel anterior. De non superalos terán dereito a unha proba final.
 3. **Alumnos que non cursaron a materia en Primeiro de Bacharelato**
 1. Alumnos de Segunda Lingua Estranxeira II (Segundo de Bacharelato) sen ter cursado esta mesma materia en 1º de Bacharelato. Seguirán as mesmas disposicións do Departamento para os alumnos que seguen co estudo do Francés (apartado 2).
 2. Alumnos que queren facer Primeira Lingua Estranxeira-Francés en segundo de Bacharelato e que non cursaron ningunha materia de Francés en 1º de Bacharelato .

" Sempre que o profesorado que imparta a materia considere que o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo"(DOGA martes 8 de agosto 2017)

Se o alumno decide proseguir, será un alumno con materia pendente de 1º e tratarase como un alumno que segue co estudo do Francés (apartado 2).
- O profesor do grupo fará o seguimento e informará a Xefa de Departamento que velará pola boa marcha do proceso.

10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE Poidan ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

- As avaliacións iniciais servirán en 1º ESO para detectar alumnos en dificultades que necesitarán reforzo ou seguimento ao principio de curso.
- Nos outros cursos teranse en conta tódalas destrezas básicas: comprensión escrita, comprensión oral, expresión escrita e expresión oral . Observarase as destrezas nas que teñen máis dificultades para poder mellorar nelas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade queda reflexada nas diferencias que presentan os alumnos en canto a:

- Coñecementos previos.
- Ideas e representacións respecto ao Francés
- Intereses e expectativas.
- Aptitudes.
- Distintos ritmos de aprendizaxe.
- Diferentes estilos de aprendizaxe.
- Actitudes con respecto á escola

A programación persoal de aula de cada profesor debe ter en conta estas diferencias e prever que todos os seus alumnos adquiren un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ao final da etapa, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento. Ó mesmo tempo, o profesor terá que prever novas fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación daqueles alumnos que acaden máis rapidamente os obxectivos fixados.

Os alumnos terán á súa disposición traballo adicional (que será corrixido e explicado nalgún recreo) para acadar o nivel, especialmente os alumnos con materias pendentes ou con necesidades especiais.

Os alumnos de materias pendentes de seguir co Francés, terán un seguimento do seu profesor de francés e de non seguir coa materia da xefa de Departamento.

• **Diversificación das técnicas e modalidades pedagóxicas**

1. Organización do espazo-clase e agrupamentos do alumnado segundo as actividades e os intereses e as motivacións dos alumnos (reparto de tarefas en traballos cooperativos, de roles nas dramatizacións, individual, por parellas, por grupos de 4 , 5, 7...).
2. Utilización de pluralidade de procedementos e instrumentos de

avaliación que inclúan tódolos estilos de aprendizaxe.

3. Utilización de diferentes canles de busca de fontes de información.
Diferentes canles de comunicación e expresión: a través de libros, páxinas web, aplicacións informáticas para presentar traballos, Power Point, exposicións orais, cancións, poemas recitados, teatro, presentación de traballos baseados nos seus gustos e motivacións...

- Alternancia de actividades e duración das mesmas: - Diferentes itinerarios e secuenciacións para a mesma actividade.
- Diversificación de contidos para un mesmo obxectivo (a partir do segundo curso).
- Reflexión sobre a propia aprendizaxe: *Auto-évaluation*
- Diversificación das ferramentas
 - Mapas mentais para proceder a unha estruturación dos contidos
 - Prácticas de ampliación: exercicios suplementarios (*cahier d'exercices*) e suxestións de variantes ou prolongacións en liña, exercicios de reemprego.
 - Medidas de reforzo para alumnos con dificultades. Aquí inclúense os alumnos con materias pendentes e alumnos con dificultades .

A opción de primeira lingua estranxeira xurde como atención á diversidade dos nosos alumnos en Bacharelato.

12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

O ensino da Lingua Francesa debe potenciar certas actitudes e hábitos de traballo que axuden ao alumno a apreciar o propósito da materia, ter confianza na súa habilidade para abordala satisfactoriamente e desenvolverse noutras dimensións humanas: autonomía persoal, relación interpersoal, etc.:

- Saúde e hixiene persoal
- Educación ambiental e desenvolvemento sostible
- Educación para a paz
- Educación para a convivencia
- Educación cidadá
- Educación en comunicación
- Educación intercultural, para o desenvolvemento e para a igualdade.

Moitos destes temas transversais abórdanse unhas veces de xeito explícito e outras de forma implícita. **En Bacharelato en forma de argumentacións ben fundadas. Os temas de bacharelato para o traballo de argumentación na clase están baseados nos temas transversais. (ver anexo mínimos / programación abreviada) . Os da ESO tamén terán estes temas presentes en tódalas unidades didácticas.**

Con todo, ao tratarse da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, de entre todos os temas transversais, a educación para a interculturalidade e a convivencia cobra unha especial relevancia. A aprendizaxe dunha lingua é indisociable do coñecemento e o respecto cara a outra cultura diferente á propia e, polo tanto, cara á diferenza cultural no sentido máis amplo.

Son catro os valores crave que abordaremos a través do ensino-aprendizaxe da lingua francesa, a saber:

Autoestima. Permitirá ao alumno desenvolverse na lingua estranxeira, obxecto de estudo, sen temor a non facelo ben diante do grupo de compañeiros nin a experimentar certa sensación de ridículo ao expresarse nunha lingua que non é a súa propia.

Tolerancia. Traballada nunha dobre vertente: por unha banda, cara aos compañeiros que participan na aula nas distintas situacións de comunicación na lingua estranxeira e, polo outro, cara á Lingua Francesa como instrumento de comunicación, non só na aula senón tamén con persoas doutras culturas (o que favorece un enriquecemento persoal) e cara aos falantes da lingua estranxeira superando estereotipos.

Responsabilidade. No que respecta ás súas tarefas e obrigacións na aula e

fóra dela. Constancia e responsabilidade que facilitarán o aproveitamento e aprendizaxe da lingua obxecto de estudo.

Cooperación: A aprendizaxe de linguas é unha aprendizaxe comunitaria no que a través da escoita e o diálogo enriquecémonos dos coñecementos, aprendizaxes e valores humanos do resto dos compañeiros. Ás veces, o traballo en grupo prima sobre o individual.

Estes valores débense fomentar desde a dimensión individual e desde a dimensión colectiva. Desde a dimensión individual desenvolveranse, principalmente, a autoestima, o afán de superación, o espírito crítico e a responsabilidade. Desde a dimensión colectiva deben desenvolverse a comunicación, a cooperación e convivencia, a solidariedade, a tolerancia e o respecto e todos aqueles valores que se traballan anualmente a nivel global no Centro

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias intégranse habitualmente na práctica docente co obxectivo de reforzar as destrezas e facer máis motivadora a aprendizaxe.

Estas actividades son basicamente as que seguen:

- Asistencia a unha obra de teatro en francés
- Correspondencia con colexios franceses ou canadinos.
- Visionado dalgunha película en versión orixinal
- Concurso de poesía e de relatos breves durante a semana da Francofonía dotados con diferentes premios.
- Celebración do día de Europa coa interpretación dunha canción en francés (3º Sección Bilingüe) para todo o Instituto
- Concurso para potenciar as linguas: participa todo o Instituto e tódolos departamentos de linguas.
- Intercambio **Galimiens** de tres semanas de duración en Francia nun instituto da Académie d'Amiens. A data que facilitou en xuño a Xunta para a acollida dos alumnos franceses é do 5 ao 23 de novembro. Os alumnos galegos viaxarán en xaneiro. Está programada pola Xunta que se encarga do proxecto.
- Presentación aos exames que se celebrarán en parte no centro do DELF B1 e B2. Os posibles alumnos serán os de 4º-sección bilingüe e de Francés de 1º e 2º de Bacharelato.

- CUALE B2: Preparación para os alumnos de Francés de Bacharelato.
- Viaxe a Bruxelas para coñecer *in-situ* as institucións europeas dentro do programa Escolas Embaixadoras Europeas. A data está por determinar (probablemente febreiro / marzo). Para alumnos de 1º Bacharelato e que participaron o ano pasado no programa.
- Como candidatos de Escolas Embaixadoras tamén nos presentamos en setembro a un premio para viaxar en outubro a Estrasburgo para visitar institucións europeas. Os candidatos estarían por determinar.

14.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

PROXECTO LINGÜÍSTICO

o **SECCIÓNS BILINGÜES**

En 3º da ESO impártense as materias de Música e de Educación Física en francés. En 4º Educación Física.

Convén resaltar o compromiso do profesorado CLIL nestas dúas materias, que durante este ano participará no programa PIALE para mellora das competencias lingüísticas.

Obxectivos:

- Mellorar a competencia lingüística dos alumnos facendo fincapé nas destrezas orais
- Ampliar o vocabulario específico e estruturas específicas das materias CLIL
- Fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación
- Mellorar a dicción fonética a través das cancións, textos poéticos e teatrais

Coordinación e deseño de actividades conxuntas:

1. Busca do obxectivo común en lingua e Educación Física/ lingua e música
2. Deseño da material curricular (unha macro-unidade por avaliación):

Educación F.		Música	
Presentación dun deporte	Vocabulario específico; equipo deportivo, verbos relacionados	A poesía	Tema transversal ou histórico Entoación / ritmo / pronunciación Musicalidade do poema
Entrevista ficticia a un deportista	Datos obrigados: inicio da actividade, premios, datos decisivos da	A poesía	Día das letras poema do galego do persoeiro homenaxeado traducido ao francés (no Centro) Entoación/ritmo/pronunciación

	biografía		
Vídeo demostración	Perífrases verbais Vocabulario de movementos	Música	A imaxe da muller nas cancións
Comparación publicidade en francés e un deporte	Comparación Adxectivos Superlativos absolutos e relativos	Música	Selección dunha canción para cantar o Día de Europa
Exposición oral das emocións	Diferentes estruturas sintácticas e léxicas para definir as emocións en diferentes actividades de Educación Física	Danza do renacemento Teatro	Baile dunha pavana, explicacións na clase de Música, realización na de Educación Física
Aula de Francés Segunda Lingua	Exposición oral de biografías de cantantes franceses e escoita dunha canción de cada un deles. Exposición oral de biografía de deportistas. Poderase seleccionar algunha canción ao longo do curso para traballar na clase de música.		

3. Establecemento dos criterios de avaliación, da rúbrica para avaliar.

- *Metodoloxía adicional en Educación Física: utilización de aplicacións informáticas/ recite, animoto, tagul*
- Como novidade, unha reunión conxunta á semana para as tres profesoras de sección bilingüe francés, as dúas de CLIL e a coordinadora das Seccións para a integración de novos coñecementos de música na clase de Educación Física en francés.

PLAN CUALE

Este ano desenvolverase, fóra do horario lectivo. un plan CUALE en francés para alumnos de Bacharelato.

Son uns cursos de preparación para as probas de certificación do nivel B2 das ensinanzas especializadas de idiomas, está enmarcada no Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, co que a Consellería de Educación está a dar a oportunidade a toda a cidadanía galega de mellorar as súas competencias en outros idiomas, independentemente de cal sexan os seus recursos económicos.

O CUALE B2 serán para as alumnas e alumnos de bacharelato e para os que dispoñan do certificado do nivel intermedio das EEOOII o outros certificados do nivel B1 do MCERL.

Darase prioridade á destreza de comprensión oral sendo na que os alumnos teñen máis dificultades. Os temas a tratar serán os seguintes:

TEMAS CUALE B2	
COMPRESIÓN ORAL EXPRESIÓN ORAL PRODUCCIÓN ESCRITA COMPRESIÓN ESCRITA *RUBRICAS DE AVALIACIÓN DO B2 (DO DELF E DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS)	NOVAS TECNOLOXÍAS APRENDIZAXE DAS LINGUAS O MEDIOAMBIENTE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE ECONOMÍA COLABORATIVA NOVOS OCIOS/TURISMO VIDA SA/ DEPORTE NOVOS COMPORTAMENTOS ALIMENTARIOS RELACIÓNS FAMILIARES E SOCIALES IGUALDADE DE XÉNERO TRABALLO/ESTUDO VOLUNTARIADO

PLAN LECTOR

Considerando a importancia que a lectura ten no desenvolvemento das capacidades cognitivas e intelectuais dos alumnos, a súa práctica e actividades relacionadas con ela ocuparán un lugar primordial no traballo cotiá. Ademais dos textos informativos, narrativos, argumentativos que os propios libros de texto ofrecen, complementarémolos con outros extraídos de diversas fontes: primaremos á lectura en pantalla de noticias e todo tipo de textos. Estes textos adecuaranse, obviamente, ó nivel de cada grupo e ós temas que a programación contempla e servirán de base para un traballo de comprensión lectora, programando as actividades axeitadas a cada nivel, e de ilustración dos diversos aspectos socioculturais dos países nos que se fala o francés, dando paso deste xeito á observación e discusión sobre realidades diferentes á nosa. Ademais, en cada nivel programaremos, segundo o tempo dispoñible e o nivel dos alumnos, unha ou dúas lecturas máis extensas, para facer de modo autónomo: textos en francés fácil nos dous primeiros cursos, nos niveis de terceiro e cuarto da ESO e en 1º de bacharelato e unha ou dúas obras

literarias en edición íntegra en 2º Bacharelato.

Estas lecturas autónomas servirán para mostrar ós alumnos a súa capacidade de ler en francés, desenvolver hábitos de lectura na lingua estranxeira e tratar aspectos que complementen os temas transversais do currículo. Estará acompañada de actividades que precisen un traballo de reflexión sobre a obra oral ou escrito.

PLAN TIC

En tódalas aulas existe un ordenador e un canón. A utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación representa unha axuda inestimable para os profesores de linguas estranxeiras sen as cales non poderíamos xa avanzar no noso aprendizaxe.

O acceso a internet permite ós nosos alumnos poñerse en contacto cun mundo francófono e ter ao alcance múltiples oportunidades de utilizar a lingua estranxeira.

- Como instrumento didáctico : en 1º e 2º teñen material EDIXGAL e participan en 1º ESO subindo gravacións, realizando actividades de gramática, culturais e de pronunciación en liña, Ademais no seus blogues de centro atoparán múltiples exercicios de gramática separados polos niveis do MCERL, dos que serán coñecedores desde os primeiros días.
- Para a busca de informacións sobre temas relacionados co currículo para a realización de proxectos, traballos, busca de pronuncia, explicación de conceptos, vídeos sobre situacións ou vocabulario.
- Para traballar a comprensión oral a través de vídeos de *youtube* ou exercicios de comprensión en liña
- Para traballar a comprensión escrita mediante a lectura en pantalla de textos relacionados cos seus intereses e motivacións
- Para traballar a expresión escrita a través de chats, emails con centros franceses cos que manteñen correspondencia ou intercambios
- Para traballar algún aspecto socio-cultural por exemplo en 4º da ESO a unidade LIM creada por Leonor Rodríguez Tato "[La Révolution Française](#)"
- Os blogues dos profesores CLIL e do Departamento de Francés que están na páxina web do Instituto(blogue do departamento: ohlalafle.blogspot.com/)
- Para mellorar a pronuncia: atoparán exercicios e gravacións seleccionadas, karaokes de cancións, poemas pronunciados e xogos de pronunciación.
- Utilización de *Google docs* para almacenar e escribir textos en francés e *Google drive* para enviar exposicións en *Power Point* antes de ser expostas
- Para descubrir o cine e a música franceses a través dos vídeo-clips e trailers

de películas

- Como punto de partida dalgunha clase invertida para a busca de material, sempre dirixido.

Cómpre sinalar a falta total de espazo para alumnos de a partires de 3º da ESO para desenvolver algunha clase dirixida de traballo persoal na aula de Informática debido ás necesidades do centro. Unha clase na que se traballasen tódalas destrezas e usando os ordenadores como un laboratorio de linguas. Isto solucionaríase coa implantación doutra clase con ordenadores á disposición das diferentes materias do centro.

PROXECTO ESCOLA EMBAIXADORA DO PARLAMENTO EUROPEO

A coordinadora do proxecto é Ana Santos pero desde a materia de Francés traballamos na aula de 4º sección Bilingüe en diferentes actividades:

- Preparación dunha exposición en *Power Point* e explicación de cada un dos alumnos ao resto da clase dunha capital europea en Francés. Realización dun folleto que invite a visitar a cidade facendo ver os seus principais monumentos, datos da cidade, compras, gastronomía, lugares que visitar nos arredores...
- Elaboración dun quizz con preguntas básicas sobre Europa para informar ao resto dos compañeiros da ESO do instituto.
- Argumentación oral : vantaxes e inconvenientes de Europa.

15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Unha vez rematada cada avaliación os membros de Departamento analizarán os resultados e de ser necesario as posibles causas polas que non se acadaron os resultados esperados. Revisarán as estratexias a adoptar, os métodos utilizados, diversificarán os instrumentos reflexionando sobre o proceso, e adoptarán medidas a desenvolver durante a seguinte avaliación con vistas a que alumno acade os obxectivos. Estas reflexións quedarán recollidas nas actas do Departamento e ao final de curso na Memoria do Departamento.

INDICADORES	Si	Non	Parcialmente: Propostas de mellora
Adecuación das unidades didácticas, actividades, tarefas e proxectos a partir dos elementos do currículo			
Adecuación da secuenciación e da temporalización			
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar			
Adecuación dos instrumentos de avaliación			
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos e adecuación destes			
Adecuación dos materiais didácticos utilizados			
Adecuación da avaliación inicial			
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua (traballos, probas)			
Adecuación dos criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación			
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final			
Atención á diversidade			
interdisciplinidade			

As propostas virán recollidas na programación do ano seguinte, como punto de partida da nova programación.

En Pontevedra, a 19 de setembro de 2018

A xefa de departamento

M. Leonor Rodríguez Tato

